

33.- EXTRACTO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 8 DE AGOSTO DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretario Accidental:

D. JORGE GARCÍA FERNÁNDEZ.

Non asiste:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 32/2016 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 2 DE AGOSTO DE 2016.

Acordouse aprobar a acta núm. 32/2016 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 2 de agosto de 2016, e proceder á súa transcrición ao libro de actas.

2.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

2.1.- Acordouse adxudicarlle o contrato de subministración denominado “SUBMINISTRACIÓN DUNHA MÁQUINA TRITURADORA CON GRÚA PARA O CONCELLO DE LALÍN”, á empresa MAXIDEZA, S.L polo importe de 46.497,52 €, máis a partida correspondente ao IVE, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpren cos requisitos establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prego de Prescricións Técnicas que rexen esta licitación, tal e como se desprende das actas da mesa de contratación dos días 1 e 2 de agosto de 2016.

2.2.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 423,50 € (IVE incluído) con destino á contratación do servizo detallado na citada memoria denominada “**PINTADO LIÑAS DE XOGO NO CAMPO DO PABILLÓN DEPORTIVO SITO NA AVDA DO PARQUE – LALÍN**”, con suxeición ao réxime dos contratos menores e contratar con José Ángel Silva Ferradás a realización do citado servizo con arranxo ao orzamento por el remitido, por un importe de 423,50 € (IVE incluído).

3.- FACTURAS E CONTAS.

3.1.- Acordouse aprobar e declarar de abono a **relación de facturas** nº 00098, por importe de 16.749,30 €.

4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELEIROS DELEGADOS.

4.1.- Acordouse autorizar a **alta na Taxa** por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase do vado permanente por importe de 127,15 euros para os números de placa 697 e 698.

4.2.- Acordouse **declarar zonas de dominio público** habilitadas para a colocación dos postos de venta ambulante as sinaladas no plano anexo ao expediente e que comprende parte das rúas Rosalía de Castro e Rúa T e Campo da Feira.

4.3.- Acordouse conceder os postos e aprobar as **altas e liquidacións** para o exercicio 2016 pola Taxa de instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica por importe total de 1.313,00 euros. Así mesmo acordouse **ampliar a taxa** correspondente ao posto 59F por importe de 31,20 euros e a **baixa** dos postos (36D, 37D, 56F e 58F) polo incumprimento do artigo 9 da Ordenanza Fiscal nº 14 do Concello de Lalín, segundo se indica no seguinte Anexo III.

4.4.- Acordouse **denegar a solicitude realizada por interesado** para aboar o pago dunha mensualidade e posteriormente darse de alta na cota anual e que lle sexa descontado o pago da primeira mensualidade aportada en relación coa Ordenanza fiscal reguladora do Prezo público pola Prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais do Concello de Lalín que recolle entre as tarifas a modalidade de abono anual.

4.5.- Acordouse aprobar a liquidación correspondente por importe de 500,50 € (77 horas completas a 6,50 euros)

4.6.- Acordouse reintegrar a un funcionario pola cantidade de 12,26 €, correspondente ao 50% do gasto farmacéutico realizado (24,51 €), segundo os recibos que se acompañan á presente proposta.

4.7.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 100 €, e aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 112'53 €, e aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 180'61 €.

4.8.- Acordouse solicitar unha subvención ao abeiro da *Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións aos concellos galegos e ás asociacións de persoas praceiras dos mercados e prazas de abastos para a consecución de mercados de excelencia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016* da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, publicada no DOGA nº 133 de 14 de xullo de 2016, por importe de 5.245,42 euros.

5.- CORRECIÓN DE ERROS.-

5.1.- Corrixíuse o erro padecido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 6 de xuño de 2016, apartado 7.12.

6.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

6.1.- Concedeuse autorización municipal para poder **usar as duchas e os vestiarios do Polideportivo Municipal** con motivo de que vai a realizar o Camiño de Santiago de Inverno cun grupo de 40 persoas desde o día 13 ata o 20 de agosto, ámbolos dous incluídos, en horario de 16:00 a 17:00 horas.

6.2.- Acordouse conceder **autorización municipal** para o uso a Sala de Prensa situada no baixo do Concello de Lalín coa finalidade de realizar nesta estancia unha charla sobre “Marxismo básico” o día 11 de agosto dende as 16:00 ata as 19:00 horas.

6.3.- Deuse conta da **resolución da Secretaría Xeral de Política Lingüística**, de data 13 de xullo de 2016 pola que se concede unha subvención ao Concello de Lalín por importe de 1.786,00 euros para a realización de programas de dinamización lingüística.

6.4.- Deuse conta do **requirimento da Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social de Pontevedra**, de data 19 de xullo de 2016, polo que se require ao Concello de Lalín para que transforme en indefinidos os contratos que se relacionan no documento.

6.5.- Deuse conta da **resolución favorable do Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra - Plan de Obras e servizos 2016**, de data 4 de agosto de 2016, pola que se concede unha subvención ao Concello de Lalín por importe de 59.908,07 € con destino ao investimento denominado “Construción de depuradora en Zobra”.

6.6.- Deuse conta da **resolución favorable do Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra - Plan de Obras e servizos 2016**, de data 3 de agosto de 2016 pola que se concede unha subvención ao Concello de Lalín por importe de 63.339,00 € con destino ao investimento denominado “Reforzo do pavimento de pistas en Soutolongo, Sello e Moneixas”.

6.7.- Notifícase ao interesado para que solicite o **uso da Sala de danza do CEIP Xoaquín Loriga de Prado** o vindeiro curso 2016/17 os luns de 16:35 a 17:30 horas dos meses de setembro 2016 a xuño de 2017 ante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o uso de dita sala do CEIP Xoaquín Loriga de Prado.

6.8.- Concedese **autorización municipal** para o uso da Sala de danza do Pavillón Municipal para o vindeiro curso 2016/17 os luns e mércores de 16:30 a 21:00 horas, os xoves de 18:00 a 20:30 horas e os venres de 16:00 a 17:00 horas, de setembro de 2016 a xuño de 2017.

6.9.- Deuse conta do escrito presentado con motivo da celebración da **I ruta Cabalar Cocido de Lalín o día 15 de outubro de 2016**.

6.10.- Deuse conta do escrito da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de data 19 de xullo de 2016, rexistro de entrada número 6225, solicitando ao Concello de Lalín a remisión da proposta das festa locais para o ano 2017 antes do 30 de setembro de 2016 e acordouse propoñer como **festivos de carácter local do Concello de Lalín para o ano 2017 os días 25 e 26 de setembro de 2017**.

6.11.- Concedeuse **autorización municipal** para o uso da Sala “Tuno Valdés” do Auditorio Municipal con megafonía o día 23 de outubro de 2016 dende as 15:00 ata as 22:00 horas para a realización do I festival de Outono e o uso do patio de entrada do “Salón Teatro” para a celebración dun ágape ao finalizar o concerto.
